

Ruta de Albán (Rates)



Partindo da estrada xeral que une Noia con Muros a uns 3 ou 4 quilómetros da Serra, atopamos un desvío á man esquerda que nos indica Rates. Continuamos andando algo menos dun quilómetro ata chegar ao pantalán.



Aquí mesmo temos unha zona moi ben sinalizada e coidada que indica a ruta de sendeirismo. Neste fermoso percorrido irémonos atopando con oito muiños, algúns deles restaurados, ademáis dunha escaleira de, aproximadamente, trescentos chanzos de madeira.

Esta ruta é a máis acondicionada que nos imos atopar, merece moito a pena realizala polas vistas e tranquilidade que nos ofrece.



Outra das posibilidades que temos neste itinerario, é a de achegarnos ata a *Igrexa de San Cosme de Outeiro*. Igrexa dun único corpo con campanario adosado na fachada. Este conxunto ten unhas boas vistas grazas á escada que o enzalza. Para achegarnos á Igrexa deberemos continuar pola estrada que se atopa xunto o pantalán, e atoparémonos cun cruce á man dereita que nos leva directamente alí.

Outra opción que nos permite esta ruta é seguir todo pola beira do mar ata a Praia de Broña, ou incluso ata o Porto do Freixo.



Algo máis que saber:

Muiño. Construción onde se moe o gran, xeralmente son de tipo hidráulico, aproveitan a forza da auga dos ríos e regatos.

Dificultade da Ruta: Baixa

Lonxitude: 4 quilómetros

Plano ruta

